

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade”.

## A POLÍTICA OCCIDENTAL ANTE A REBELIÓN ÁRABE

Desconcerto e “dobre vara de medir”

- a) **Introdución**
- b) **Democracia para uns, continuísmo para outros**
- c) **O temor ao islamismo**
- d) **Está Occidente perdendo ao mundo islámico?**

## a) *Introdución*

O ata agora hexemónico peso xeopolítico de EUA e dos seus aliados europeos e israelí nos asuntos de Oriente Próximo comeza a observar inesperados escenarios de cambio ante a sucesión de protestas e rebelións dentro do mundo árabe, principalmente tralas caídas dos autócratas presidentes **Zine El Abidine Ben Alí** en Tunisia e **Hosni Mubarak** en Exipto, ambos considerados como estreitos aliados occidentais.

A falta de saber qué sucederá coa Libia de **Muammar al Gadafi**, sacudida actualmente por unha brutal represión oficial e as perspectivas dunha guerra civil, as revoltas actualmente en curso no Magreb e Oriente Próximo certifican unha notoria perda de peso e influencia, así como de ausencia de alternativas, por parte de EUA e dos seus aliados occidentais á hora de observar a política rexional baixo perspectivas diferentes e inflexibles, determinadas polos parámetros xeopolíticos e de seguridade. Este aspecto resulta relevante debido a que dificulta a pretensión occidental de cara a influír decisivamente nas incertas transicións

## b) *Democracia para uns, continuísmo para outros*

A revolución política que actualmente está observándose no mundo árabe, que levou á caída presidencial en Tunisia e Exipto, á actual inestabilidade en Libia, a un importante pulso político por reformas democráticas en Bahrein e á estela de protestas e mobilizacións noutros países como Iemen, Marrocos, Irán e Xordania, abre un escenario absolutamente inédito e inesperado para a política occidental, e particularmente estadounidense, nos asuntos do Magreb e de Oriente Próximo.

A ambigüidade da reacción occidental contradí as advertencias por parte de diversos centros de investigación occidentais sobre as posibilidades de explosión social e política no Magreb e no mundo árabe. En xuño de 2008, o Laboratorio Europeo de Anticipación Política (LEAP), un “think tank” independente, prognosticou que algúns réximes árabes prooccidentais atoparíanse na deriva debido a que existía “un 60% de risco de explosión social e política no eixe Exipto-Marrocos”. Para finais de 2010, o “Failed States Index Magreb” da publicación

en países cun importante valor estratéxico, en especial no caso exipcio.

Esta falta de previsión ante os acontecementos actuais e a ausencia de políticas alternativas intensifican unha posición de “dobre vara de medir” por parte de Washington e dos seus aliados á hora de interpretar o alcance dos cambios políticos no mundo árabe e islámico. A ambigüidade de EUA e Europa ante as caídas de Ben Alí e Mubarak contrasta notoriamente coa súa firme posición favorable a que estas protestas se reproduzan en países cunha posición tradicionalmente antioccidental, como son os casos de Irán, Libia ou Siria, afectando así seriamente aos seus respectivos réximes.

Paralelamente, Washington non atende nin alenta con igual entusiasmo as demandas de apertura e reformas democráticas en países aliados e estratéxicos como Arabia Saudita ou as monarquías petroleiras do Golfo Pérsico, unha postura que desacredita aínda mais a súa pretendida posición de erixirse como un actor de influencia dentro desta estela de cambios no mundo árabe.

estadounidense *Foreign Policy*, pertencente ao influínte centro Carnegie Endowment for International Peace, vaticinou que Exipto e Tunisia eran os dous países máis deslexitimados da zona, con alto risco de inestabilidade interna.

Pola súa banda, o semanario británico *The Economist* tamén auguraba a comezos de 2011 un elevado risco de inestabilidade en países como Iemen, Libia e Exipto. Os polémicos cables da diplomacia estadounidense revelados pola organización Wikileaks tamén dan conta de cómo Washington tramitaba información de alto nivel sobre os síntomas de descontento e posible inestabilidade no mundo árabe, en especial ante a corrupción das súas elites, a represión política e os efectos da crise económica global, con especial consideración ante o paulatino empobrecemento das súas clases medias profesionalmente cualificadas.

Coa turbulencia en pleno desenvolvemento en Tunisia e Exipto, EEUU, Europa e Israel manifestaron

un expectante silencio que, no caso de Washington, foi traducíndose nunha paulatina implicación a fin de influír nas súas respectivas transicións. Non obstante, a caída de Mubarak e a incerta transición dun peón estratéxico como Exipto, considerado tras Israel o segundo maior receptor internacional de axuda financeira e militar de EUA, con US\$ 1.000 millóns anuais, persuadiu a Washington para fomentar as súas expectativas de reproducir estas mobilizacións populares noutros contextos de igual interese estratéxico pero determinado por réximes incómodos para os seus intereses, como son os casos de Irán, Libia ou Siria.

Deste modo, e seguindo o exemplo tunecino e exipcio, a reactivación das protestas e mobilizacións populares en Teherán deron paso á falta de prudencia estadounidense (co presumible beneplácito israelí e europeo) no cometido de demandar a caída do réxime iraniano e, particularmente, do seu presidente **Mahmud Ahmadíneyad**, complicando así as perspectivas de recomezar as negociacións entre Teherán e a Axencia Internacional de Enerxía Atómica (AIEA) sobre o programa nuclear iraniano.

No caso israelí, o seu silencio ante o que actualmente sucede no mundo árabe confirma unha política de ausencia de previsión e alternativas viables que intensifica a tensa expectación dos acontecementos. A caída de Mubarak e o espectro de inestabilidade na veciña Xordania suporían igualmente importantes

### *c) O temor ao islamismo*

Ao mesmo tempo, Occidente recea do verdadeiro impacto e peso que poidan ter os movementos e partidos islamitas no actual curso das revolucións populares árabes. De novo, imponse a preocupación cara Exipto, en especial polo ascenso do islamitas Irmáns Musulmáns, un exemplo que pode influír en Tunisia, Alxeria, Marrocos e o Golfo Pérsico, con presenza de núcleos islamitas radicais, algúns deles pertencentes á rede de Al Qaida e do “yihadismo salafista”.

Esta perspectiva dunha radicalización islamita, non exactamente verídica nun contexto global do mundo árabe, potencia a pretensión occidental por fomentar no Magreb e Oriente Próximo a hipotética viabilidade do modelo turco de “islamismo moderado” personificado

reveses estratéxicos para Tel Aviv, por constituír ambos os únicos países árabes que recoñecen a Israel. Ao mesmo tempo, o goberno dereitista de **Benjamín Netanyahu** permanece expectante ante a eventualidade dunha reprodución da rebelión popular en países tradicionalmente inimigos como Libia, Siria e Irán.

EUA e Europa evitan alentar esta “expansión democrática” do mundo árabe cara aliados enerxéticos e xeopolíticos como as monarquías petroleiras do Golfo Pérsico, neste caso Arabia Saudita, Catar, Emiratos Árabes Unidos e Kuwait. Con diferenzas en cada un destes escenarios, o ascenso de movementos islamitas e partidos de oposición nestes países determinan a posibilidade de reproducirse neles os exemplos tunecino e exipcio. Por tanto, a política occidental segue a configurarse en torno a imperativos de defensa e seguridade: con Libia camiño da inestabilidade, o primeiro ministro británico **David Cameron** realizou unha xira por Oriente Próximo e o Golfo Pérsico cunha comitiva de forte peso das empresas de armamentos.

Contrario ao que defende para Irán, Siria ou Libia, Occidente pasa por alto as demandas populares de propiciar aperturas e reformas democráticas no Golfo Pérsico, probablemente á espera do que suceda en Bahrein, cuxa irradiación de demandas democráticas pode espallarse no contexto rexional, alterando a correlación de forzas e os intereses e resortes de poder occidentais.

no Partido para a Xustiza e o Desenvolvemento (AKP). Pero con ou sen implicación islamita, as transicións das revolucións populares árabes poden igualmente presentar un escenario de “antioccidentalización” dende diversos sectores sociais, ante a identificación de EUA e os seus aliados occidentais cos réximes autocráticos árabes.

A actual crise en Libia tamén revela esta dobre vara de medir occidental. A inmediata reacción estadounidense e europea denunciando a brutal represión por parte do réxime de Muammar al Gadafi contrasta cun notorio desconcerto e temor ante a inestabilidade dun importante socio petroleiro e de gas natural, tendo en conta que Libia produce 1,5 millóns de barrís diarios de cru.

Occidente teme que os acontecementos libios afecten seriamente a apertura petroleira cara as multinacionais estranxeiras propiciada por Gadafi a partir de 2004, unha vez EUA, Europa e a ONU levantaron as sancións internacionais contra Libia polo atentado terrorista de Lockerbie (Escocia) de 1986. Os curtes de subministro petroleiro e de gas natural cara Europa e a actual inestabilidade política

en Libia son factores que repercuten directamente no mercado petroleiro, cun barril cotizado á alza en torno aos US\$ 110.

Este temor occidental increméntase ante a eventualidade dunha vaga de inmigración ilegal do Magreb ás costas mediterráneas europeas, así como dun posible avance do islamismo político nunha hipotética Libia post-Gadafi.

#### ***d) Está Occidente perdendo ao mundo islámico?***

Independentemente do curso e alcance dos cambios políticos no mundo árabe, Washington tenta equilibrar ao seu favor esta vaga de rebelións con escenarios incertos a futuro, redeseñando unha política que reconfigure un novo contexto xeopolítico dende o Magreb ata o Golfo Pérsico.

Pero esta perspectiva complícase ante os cambios de orientación xeopolítica neste rexión, que alteran sensiblemente a preponderancia dos intereses occidentais. O mundo árabe e islámico comeza apostar por unha política máis multipolar e multilateral, matizada co ascenso de potencias autóctonas (Turquía e Irán) e a implicación doutros actores externos (Brasil, Venezuela, China e Rusia), que permitiron diminuír o illamento occidental cara países como Siria ou incluso a propia Libia. Esta orientación multipolar concrétase ante a formación, a partir de 2007, do Foro América do Sur e Países Árabes (ASPA).

Esta visión multipolar no mundo árabe e islámico non só resta marxe de manobra á preponderancia occidental senón que ilustra un escenario sumamente difícil para Washington á hora de erixirse como o baluarte dos cambios políticos e hipoteticamente democráticos que actualmente acontecen no mundo árabe, principalmente porque o sentimento antioccidental e antiestadounidense segue palpable nas sociedades árabes ante o seu tradicional e irrestrito apoio a ditaduras como as de Ben Alí, Mubarak e as monarquías petroleiras.

Deste modo, a ausencia dun pensamento estratéxico plural e de alternativas viables de cara ao que está sucedendo no mundo árabe e islámico traducirá a interpretación dunha nova xeometría de poder no Magreb e Oriente Próximo, con consecuencias probablemente inesperadas para EUA e os seus aliados occidentais.

IGADI, 1 de marzo de 2011